



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
DEZAOITO DE DECEMBRO DE 2013, CON CARÁCTER
EXTRAORDINARIA**

SRES. ASISTENTES:

Presidente acctal	D ^a . M ^a . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVEZA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Escusa asistencia	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as trece horas e cinco minutos do día dezaoto de decembro de dous mil trece, baixo a presidencia da Alcaldesa accidental D^a. María Jesús Piñeiro Caldelas, reúnese en sesión EXTRAORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratarse os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

PUNTO ÚNICO: Aprobación, se procede, do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2014).

O Sr. Lema do PP expón que a cantidade asignada ao noso concello no POS 2014 é de 196.668,59 euros, establecendo nesta ocasión as bases reguladoras a obrigatoriedade de destinar un 40% do seu importe a investimentos, permitíndolle ao concello destinar o 60% restante ao financiamento de gastos correntes, e dado que ás veces pasamos por situacións de falta de liquidez, decidiuse acoller a esta posibilidade, co compromiso de que o concello vai dedicar 150.000 euros a obras, de xeito que as que non se inclúan agora faranse con cargo ao orzamento municipal do 2014, algunha incluso pola propia administración, coa brigada municipal, e que no seu momento se negociará entre todos os grupos para establecer a súa prioridade.

De seguido dá conta das cifras do POS 2014 na que se inclúe un proxecto de obras de acondicionamento de camiños en O Castro (Illobre), Laraño, onde se están a facer obras de acometidas á rede de sumidoiros, e preténdese repór o afirmado, en San Pedro de Sarandón, (Cubelas) e outra pista en A Boca, a que vai dende o serradoiro de Chao de Cartas ao cruce de Vedra, que se vai aglomerar, por un importe total do proxecto de 101.847,79 euros, dos cales 23.179,20 achegaraos o concello, e o resto do citado plan , o 60% (118.000 euros) destinarase ao financiamento de gastos correntes.



O Sr. Cobas do PSdG-PSOE di que o seu grupo está de acordo co POS e polo tanto votarán a favor, ao mesmo tempo proponlle ao equipo de goberno que lle solicite á Deputación que se revisen os parámetros que serven de base para o reparto do POS, posto que na actualidade son os da 1ª lexislatura de Salvador Fernández Moreda, e a superficie, e habitantes e outros son os mesmos pero nos quilómetros de pistas non se parecen en nada.

O Sr. Lema di que recolle e agradece a proposta .

O Sr. Pose do BNG expón que se absterá na votación, porque entende que os grupos da oposición están para fiscalizar a actuación do equipo de goberno, e que non lle importa que se consulte; pero nunca que se negocie porque cre que axuda a que existan casos de amiguismo ou que se cree unha rede de clientelismo incluso dende a oposición; e que existe unha figura moi útil para o concello, que forma parte do ordenamento tradicional no municipalismo, que é a de Alcalde Pedáneo, que vén recollida no artigo 73 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, cuxas funcións, entre outras, é a de representación persoal do Alcalde, e a duración do seu cargo está suxeita á do propio Alcalde. Os que existen na actualidade foron nomeados polo anterior equipo de goberno, polo que no vindeiro pleno de decembro solicitará que o Alcalde cese aos Alcaldes de Barrio nomeados na anterior lexislatura que non sexan da súa absoluta confianza, e que se potencie a súa figura creando unha comisión de traballo que redacte un Estatuto de Alcalde de Barrio no que se recollan claramente as atribucións a parte das xenéricas recollidas na Lei, e que se contemple a participación nos plenos e nas xuntas de goberno cando se traten asuntos que afecten ao núcleo de poboación ao que representan.

O Sr. Lema di que lle parece unha idea interesante, pero que terase que estudar con calma como se leva adiante, e que no tema do POS, que se fixo igual que en lexislaturas anteriores cando gobernou o PSOE e o BNG, tratando de consensuar o máximo posible as obras a incluír nos plans provinciais de obras e servizos.

De seguido dáse conta da seguinte proposta:

Dáse conta das bases reguladoras do *Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2014)* aprobadas polo Pleno da Deputación con data 25/10/2013 e publicadas no BOP núm. 206/13, do 29 de outubro.

De acordo coas mesmas, propónse:

1º.- Aprobado o *Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2014)* cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o concello ten previsto realizar, e a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2014, e de acordo co financiamento que se indica:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A) Realización de obras:

DENOMINACIÓN DA OBRA	DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
<i>Acondicionamento de camiños en O Castro, Laraño, San Pedro de Sarandón, Cubelas e A Boca</i>	78.668,59	23.179,2	101.847,79
SUBTOTAL OBRAS	78.668,59	23.179,2	101.847,79

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2014 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	118.000

C)Resumo:

	DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
SUBTOTAL OBRAS	78.668,59	23.179,2	101.847,79
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	118.000	335.742	473.742
TOTAL	196.668,59	378.921,2	575.589,79

2º.- Declarar que o concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3º.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2014 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2014.

4º.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

5º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7º.- Facultar expresamente ao Sr. Alcalde -Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O pleno con once votos a favor do PP, PSdG-PSOE e TEGA e unha abstención do BNG acorda aprobar a citada proposta

Conclúe ao fío das trece horas e trinta e cinco minutos.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

